

## REUNIÓN DA XERENCIA COS COMITÉS DE EMPRESA DO PAS LABORAL E A XUNTA DO PAS FUNCIONARIO (ACTA N°2)

### ASISTENTES

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

##### Xerente:

Manuel Fernández Jauregui

##### Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

##### Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

#### COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO) (presidente)  
Roberto Otero Ledo (CIG)  
Federico Fernández Fernández (CIG)  
Carlos Román Lago (CIG, escusa a ausencia)  
Carlos Mollinedo (CIG)  
Alfonso Bascoy Fernández (CCOO)  
Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)  
Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG)  
José Luciano Otero Camiña (CIG)  
Marisa Magaz Ledo (CCOO)  
Marisa Turnes Negreira (CCOO)  
Manuel Marcos García (CCOO)

#### COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG)-Presidente  
Rodrigo Alberte Pividra (CIG)  
César Gómez Gómez (CIG, escusa a ausencia)  
José Manuel García Eirín (CIG)  
Miguel A García Barros (UGT, escusa a ausencia)

#### XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Xoan Cebrero Rodríguez (CIG), presidente  
María José Ríos Santomé (CIG), secretaria  
Benedicta Expósito González (CIG, escusa a ausencia)  
José A. Gándara Pérez (CIG)  
Mónica Zas Varela (CIG, escusa a ausencia)  
Miguel Ángel Cabañas Díaz (UGT, escusa a ausencia)  
Alejandro Cadabón Figueroa (UGT, escusa a ausencia)  
Mónica Méndez López (UGT)  
Ruth Velasco Martínez (UGT)  
Fernando Troncoso Merino (CIG)  
Francisco Navaza Dafonte (UGT)

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral e da Xunta do PAS funcionario mantiveron unha reunión ás 11:30 horas, do 27 de setembro de 2017 na Xerencia, coa seguinte

### ORDE DO DÍA

Con carácter previo, Federico Fernández solicita que reunións con tantos membros se realicen nunha sala más grande; o Xerente indica que a próxima podería realizarse na sala nº 1 do Miralles

1. Aprobación e sinatura da acta da reunión previa de data 20 de xullo de 2017.

# Universidade de Vigo

Apróbase e asínase a acta incluíndo as alegacións presentadas por Pablo Álvarez.

## **2. Negociación da oferta de emprego público para 2017 do persoal de administración e servizos funcionario e laboral da Universidade de Vigo.**

O presidente da Xunta PAS entrega o documento co acordo do órgano de representación sobre a OEP para o ano 2017 no que se acorda ceder as 5 prazas da taxa de reposición ao PAS Laboral e no que se solicita a promoción do que resta das prazas C2 a C1, de xeito de que se poida facer a promoción do 100% das prazas; manter a promoción de 5 prazas de C1 a A2 e acumulalas ás 8 propostas para este ano e sacar as promocións de biblioteca, e todas as de administración, isto é, C2 a C1. C1 a A2 e A2 a A1. (Achégase como documento anexo)

O Xerente manifesta que lle chama a atención que propoñan promoción interna (P. interna) en biblioteca dada a falta de candidatos na convocatoria anterior, indicando que se houbera verdadeiro interese se realizaría.

O Presidente da Xunta PAS di que se reunirán co persoal para comprobalo e informará á Xerencia.

O Presidente do Comité de Empresa de Ourense (CEO) di que xa manifestou na anterior reunión a opinión sobre a OEP.

O Presidente do Comité de empresa de Pontevedra (CEPO) indica que a promoción interna non computa na taxa de reposición e que o Convenio fixa no 50% o mínimo a reservar. Solicita que se reserve o máximo para esta quenda. Ademais hai que buscar solucións para a promoción establecida na disposición adicional 9ª do Convenio e entrega un documento (que se incorpora como anexo). Federico Fernández fixo un listado de prazas vacantes e cre que hai posibilidades de sacar toda a promoción interna que se poida abarcar.

O Xerente á vista do listado pregunta que é exactamente o que se demanda.

O Presidente do CEPO responde que queren saber que prazas quere sacar a Xerencia por libre e cales por promoción interna e que estas sexan as máximas.

O Xerente explica que a Xunta de Galicia considera que as prazas que non se cubran por promoción interna non se poden acumular a libre, polo que o cálculo de ambas quendas debe axustarse moito.

Pablo Álvarez di que o Convenio regula que as convocatorias de libre e P. interna deben ser diferentes. As prazas de P. interna non consumen a taxa de reposición segundo os criterios da propia Xunta de Galicia. E que o convenio regule un mínimo do 50% para promoción interna.

O Xerente explica que sempre hai que ter en conta os límites de capacidade para tramitalas e a autorización da Xunta de Galicia. 60 prazas por P. interna é inabarcable; existe un especial interese en normalizar a situación dos técnicos de I+D e a partir de aí calquera outra que se propoña dentro dunha orde, sempre que sexa realizable.

Carlos Mollinedo sostén que se poden sacar todas as prazas dotadas orzamentariamente porque non supoñen incremento.

Federico Fernández propón sacar 6 prazas a libre e o resto a P. interna, dado que están baleiras e hai que dar oportunidade de que se ocupen.



# Universidade de Vigo

O Xerente sinala que unha proposta razonable sería sacar as 6 prazas de acceso libre e 6 ou 9 prazas por P. interna, iso daría posibilidades certas de acadar a autorización da Xunta de Galicia, coa que ademais hai que cumplir prazos de remisión e xustificación. Respecto da D.A. 9ª a Xerencia fixo hai anos unha proposta que os comités rexeitaron, ademais de que se debe negociar no eido da RPT.

O Presidente do CEPO propón 80% por P. interna e 20% por libre.

Pablo Álvarez di que non entende a referencia a prazas. A diferencia das prazas, os procesos son os que marcan a capacidade da universidade (nomear un tribunal e sacar unha convocatoria é o mesmo para unha praza que para dez se só é unha oposición). Tampouco entende a falta de capacidade para facer as convocatorias.

O Xerente di que é máis fácil que a Xunta de Galicia as aprobe paulatinamente, preguntando por cal serían as prazas prioritarias, como xa lles preguntou hai 2 meses.

O Presidente do CEO sinala que so se poden cubrir 6 prazas por libre; se estas se convocan en I+D se reservarían 3 a P. interna e de non cubrirse o resultado sería que so se cubrían 3 sen posibilidade de convocá-las a libre.

O Presidente do CEPO di que non hai problema coa P. interna do PAS funcionario pero si co do PAS laboral.

O Xerente comenta que pode negociarse, integrado na masa salarial, nos cadros de RPT, porque ademais das negociacións nas que se intentou defender ese compromiso adquirido tamén é un compromiso do Reitor.


Carlos Mollinedo afirma que repiten a proposta do ano pasado e que non entenden as limitacións; as prazas están orzamentadas e cubertas, non incrementan os custos. A RPT dos funcionários supuxo un incremento moi grande e a dos laborais non.

O Presidente da Xunta de Persoal di que chegado a este punto e posto que a Xunta PAS xa presentou a súa proposta, a presencia deste órgano na reunión xa non é precisa. Engade que os dous comités teñen que poñerse de acordo entre eles antes e non expresar aquí as súas diferenzas. Comunicalle a C. Mollinedo que ao PAS laboral se lle consolidaron 800.000 € e todas as prazas por riba da RPT, mentres que a de funcionários consolidou 350.000 € de 1.200.000€ que había por riba da RPT F, só 11 prazas. Engade que é unha RPT que se aprobou de tal xeito que agora mesmo está nos tribunais. Di que a proposta da Xunta PAS está refrendada polo Consello de Goberno e é un o compromiso do Reitor. Lembra que o persoal vai promocionar ao seu propio posto, que o posto non se transforma. A Xunta de PAS cede as 5 prazas da OEP porque existen moitas vacantes na RPT de funcionários.

Engade que o PAS Funcionario queda sen consolidación de emprego e con compañeiras e compañeiros que se foron á rúa mentres que ao PAS Laboral se lle consolidan todas as prazas por riba da RPTL.

Carlos Mollinedo responde que non se lle entendeu, porque a RPT do PAS laboral consolidou prazas que eles non aprobaron. Tamén el cede as prazas da OEP aos funcionários, aos que non critica, senón que di que todos subiron de salario coa RPT e o concurso, mentres que o persoal laboral leva moito tempo sen promocións.

O Presidente da Xunta de Persoal di que hai anos que acordaron coa Xerencia un cronograma para as promocións e as prioridades. Ante a proposta da xerencia se dixo que se prioriza a promoción do C2



A large, handwritten signature in blue ink is visible at the bottom left, with the number '3' written above it. To its right, another handwritten signature is partially visible. A third, more stylized signature is at the far right edge of the page.

# Universidade de Vigo

ao C1. Di que a Xunta PAS pode pedir a promoción de case todo o persoal funcionario xa que todo esta adscrito a 2 grupos e se pode pedir a promoción ao de maior nivel.

O Xerente mostra a súa preocupación porque se poda perder esta oportunidade de aprobar e convocar a OEP e pregunta novamente por cales son as súas prioridades.

Pablo Álvarez sinala que o Convenio di que o acceso libre e a P. interna se farán separadamente e solicita que se cumpra o convenio liberándonos desta maneira da taxa de reposición na promoción interna.

O Xerente considera que a xente ten que ter posibilidade tamén de acceso libre, non pode reservarse todo a P. interna. Haberá que buscar un equilibrio para que os traballadores teñan a súa P. interna, que segundo o convenio é un mínimo do 50% (lembra que como todos eles saben a promoción interna, segundo sentenzas do supremo, ten que ser unha opción marxinal, que as OEP deben ser maioritariamente de acceso libre, para facilitar a libre concorrenza as prazas do sector publico) e a xente que está na rúa para que poida acceder ao emprego. Todo isto respectando o Convenio. Indica que pasaron 2 meses dende a anterior reunión na que recalcara a importancia de cumplir os prazos, porque hai que obter a autorización da Xunta de Galicia, polo que é urgente que os representantes formulen as súas prioridades.

O Presidente do CEPO di que por exemplo serían as prazas do grupo I ocupadas por persoal fixo en funcións de categoría superior, que poden ser as 6 por libre de I+D propostas pola Xerencia, ou 4 por libre e 2 por P. interna.

Manuel Marcos di que deberían saír cando menos aquelas prazas onde haxa persoal traballando con funcións de categoría superior.

O Xerente insiste en que pasaron 2 meses e ningún órgano de representación presentou ningunha proposta sobre a que discutir, resultando imprescindible que o fagan por escrito antes da seguinte reunión.

O Presidente da Xunta de Persoal di que a proposta da Xunta PAS está clara e que non se poden facer reunións nas que os dous comités non veñan cun acordo ás mesmas.

Ás 12:30 h as e os representantes da Xunta PAS deixan a reunión.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 13:00h.

